

QUEREMOS PARAR A DESFEITA

Adela Figueroa Panisse*



Adela Figueroa Panisse, presidenta de ADEGA

Desde o punto de vista ambiental, non temos motivo para sermos moi optimistas a fins do ano 2006. Ardeu o noso monte. As enxurradas que lavaron as encostas, alastrando a outrora terra rica en materia orgánica, levaron a cinsa até os bancos marisqueiros e fixeron perder a colleita en moitos deles. Moitas das crías que serían as responsábeis do fornecemento dos novos reprodutores do ano que ven morreron, pondo en risco a vindeira colleita. O voluntariado de ADEGA traballou polo verán en Forcarei, Monforte e Barbanza en axuda do monte. A saúde dos ecosistemas forestais, fluviais e marítimos está en causa.

Unha fábrica de produtos químicos estoupou e ardeu, deitando no río Umia compostos de grande toxicidade que alteraron profundamente o medio acuático producindo a morte de milleiros de peixes e outros seres que habitan o río. Desde a Consellaría de Medio Ambiente actuouse con rapidez, de maneira que se minimizou a transformación do accidente en desastre. Voluntariado de ADEGA estivo no Umia recollendo peixes para salválos da morte por asfixia. Tamén se ditaron ordenanzas para impedir a instalación de futuras fábricas en zonas inundábeis dos ríos. Isto debrúzanos na situación grave de comprobar que a maioría das chairas de inundación están ocupadas, como terrenos baratos e fáciles de urbanizar, por

fábricas, casas, paseos fluviais, etc. As desembocaduras e xunqueiras, onde os ríos depuraban as súas augas de maneira natural, están ocupadas por cemento, edificios públicos e privados.

Aconteceron graves inundacións nunha Terra en que as cheas dos ríos nunca antes atinxiran as poboacións,

"Todo isto acontece nun momento en que a Administración mostra unha sensibilidade polos problemas ambientais até agora descoñecida. Encontrámonos nunha situación ambientalmente depauperada e empobrecida e, a pesar desa sensibilidade, as ameazas son máis graves que nunca"

como en Cee ou Rianxo, dúas vilas que lle roubaran ao mar o seu terreno para expansión dos respectivos Concellos.

Nas nosas comarcas ambientalmente máis valiosas, canteiras en situación de ilegalidade exercen o seu labor destrutor sen que a autoridade competente lles exixa o simples e claro cumprimento da lei. É o caso da canteira Cupiresa no Courel, que ten destruído de maneira irreversible un entorno dos máis valiosos de Galiza e de Europa, pola súa biodiversidade e xeodiversidade.

Todo isto acontece nun momento en que a Administración mostra unha sensibilidade polos problemas ambientais até agora descoñecida. Despois dos 20 anos de escurantismo de sucesivos gobernos de Fraga, en que o País, Galiza, fora sistematicamente VENDIDO, para facer leña del, encontrámonos nunha situación ambientalmente depauperada e empobrecida. A pesar desta sensibilidade, as ameazas son máis graves que nunca.

Cunha porcentaxe mínima de superficie protexida (a máis baixa de España e de Europa) as grandes empresas construtoras inician aquí o seu desembarco en toda regra. Os concellos, novos poderes feudais, venden os seus terrenos sob a forma de planos de urbanismo ou recualificacións que agroman por *doquier*. Esta será a década que os futuros historiadores coñecerán como a dos PXOMs. Son moitos os alcaldes que se apresuran a faceren os seus. Deles obteñen as súas financiación municipais. O mesmo día en que escribo estas liñas, Cesar Portela dicía en Lugo: "se todos os concellos fixesen o de Sanxenxo -urbanizar a toda costa- simplemente sería o final". O problema é que todos o queren facer (Sada, Miño, Cee, Rianxo, Vigo, Lugo, Sarria, Vilalba, Barreiros, etc, etc.).

A construción move o mundo, vendendo o ar antes de ser engaiolado entre



a estar tremendamente ameazado e comprobamos que é moi difícil loitar en contra desas ameazas.

Desde ADEGA apostamos tamén pola labor do voluntariado, nomeadamente polo voluntariado en defensa do Monte Galego, que está demostrando que a xenerosidade e o compromiso poden ser canalizados con resultados prácticos visíbeis, como en Monforte, Forcarei e As Sinas. Nestes dous últimos lugares, un dispositivo de monitores de ADEGA continuou a organizar durante todo o outono o traballo de persoas voluntarias, en fins de semana para adultos e en días laborábeis para estudantes de secundaria.

Temos como meta o desenvolvemento sustentábel como modelo social. A conservación do noso medio nos seus valores ambientais perdurábeis, e conseguir vivir e traballar nunha terra amábel, coñecida e propia. Nunha Terra Matria que reflexa na súa estética a ética que guía as nosas accións. Quere-mos parar a desfeita. Para iso necesitamos de todas as mans e da ilusión no futuro. Aínda nuns días en que unha mancha de chapapote que os científicos afirman proceder do *Prestige*, catro anos despois, aparece nas nosas costas.

o tixolo. Por cada m² de terreno que se cubre de cemento déixanse de fixar 14 gr de CO₂/día, en media, mentres as cimenteiras, o transporte ou as térmicas deitan inxentes cantidades de CO₂ a atmosfera. As canteiras destrúen a pedra caliza do Courel onde o CO₂ estaba atrapado na súa forma de CaCO₃.

Paráronse as minicentrales que estaban proxectadas para o Ulla e algúns outros ríos e aprobouse a primeira Iniciativa Lexislativa Popular en defensa

dos ríos galegos, no Parlamento de Galiza. Evitouse unha piscifactoría en Rede Natura (Tourinán) e en Rinlo (Ribadeo). Existe a promesa dunha Lei da Paisaxe para Galiza. Tamén a da declaración de Ancares como Parque Natural. Non así do Courel, de momento. Non podemos negar que hai unha maior transparencia informativa, e unha maior accesibilidade por parte da administración. Mais algo debe de haber máis forte que os políticos e que os partidos, pois o noso medio continúa

Àngels Barceló

A VIVIR QUE SON DOS DÍAS.

Sábados e Domingos de 8.00 a 12.00 hrs.



PASE O QUE PASE
UN PASO POR DIANTE

